

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **LALÍN**

#### **Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

#### *BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DIXITAL "ROTEIROS DE LALÍN"*

#### *ANUNCIO*

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lalín, na sesión celebrada o día 10 de xullo de 2017, acordou aprobar as seguintes:

#### **BASES CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DIXITAL ROTEIROS DE LALÍN**

##### *1. OBXECTIVO:*

O I concurso de fotografía "ROTEIROS DE LALÍN" é un certame con vocación anual para axudar a difundir o programa Roteiros de Lalín e ao mesmo tempo promover os valores do programa: os valores naturais, os valores do mundo rural, os valores patrimoniais da contorna e os beneficios dunha actividade física na natureza. Trátase dun concurso amateur, cun xurado multidisciplinar con expertos en fotografía, en documentación histórica e no territorio de Lalín e o Deza.

##### *2. PUBLICACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN:*

As presentes bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e con posterioridade remitiráselle a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións, que lle dará traslado ao BOPO do seu extracto.

O prazo comezará a contar desde o día despois da publicación no BOP e ata o día 30 de setembro de 2017 as 12:00h.

##### *3. PARTICIPANTES:*

Todas as persoas interesadas de 16 anos en adiante.

Quedan excluídos/as: fotógrafos profesionais e membros do xurado.

##### *4. TEMÁTICA:*

A temática estará en relación co programa Roteiros de Lalín e valoraranse fundamentalmente aspectos que teñan que ver con este programa, medioambientais, paisaxísticos, patrimoniais (arqueolóxicos, históricos, etc) e reivindicativos dos valores naturais de Lalín. Poderase achegar un texto explicativo por cada fotografía, non podendo superarse as 30 palabras no mesmo.



As fotografías terán que ser tomadas no territorio do Concello de Lalín, polo que será obrigatoria facer referencia ao lugar onde foron captadas.

#### 5. MODALIDADES DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA:

Haberá diferentes modalidades para optar a premio. Será o xurado na súa selección quen decida a qué categoría pode optar cada unha delas. Cada fotografía so pode competir nunha modalidade ,salvo na modalidade “Premio Roteiros do Público” onde todas as fotografías poderán competir.

a) 1º Premio Roteiros de Lalín: a categoría absoluta, todas as fotografías presentadas poderán optar a esta modalidade

b) Premio Roteiros Natureza: poderán optar a esta modalidade todas as fotografías presentadas que fagan referencia a cuestións de gran interese natural e medioambiental

c) Premio Roteiros Patrimonio: poderán optar a esta modalidade todas as fotografías presentadas que fagan referencia a cuestións de gran interese patrimonial e histórico

d) Premio Roteiros do Público: categoría que será votada polo público a través da web roteiros.lalin.gal de forma regrada.

#### 6. CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS:

a) Serán fotografías inéditas nunca publicadas nin en prensa, nin webs, nin nas redes sociais, nin que xa tiveran algún premio en outros concursos. A infracción desta premisa cunha soa das obras das bases descualifica ao autor de xeito inmediato para a concurso.

b) As fotos son exclusivas do autor, non podendo usar fotografías tomadas por outros autores. A infracción desta premisa cunha soa das obras das bases descualifica ao autor de xeito inmediato para a concurso.

c) As obras presentaranse en formato JPEG cun tamaño mínimo de 3 Mb e un máximo de 20 Mb. Aos autores seleccionados para a exposición “Roteiros de Lalín” poderáselles requirir formatos de máis calidade para a montaxe da mesma.

d) Admitiranse fotos en branco e negro en cor.

e) Non se admitirán fotomontaxes, ou composicións froito da manipulación dixital dos elementos da escena, engadindo ou retirando elementos que alteren a información icónica ou iluminación da escena orixinal. Quedando permitidos por tanto, todas aquelas manipulacións relacionadas co control tonal da escena e cor en función dos propósitos artísticos do autor.

f) Para realizar as fotos son válidos calquera tipo de medio fotográfico como teléfonos móbiles, cámaras antigas ou calquera outra tecnoloxía.



Luns, 31 de xullo de 2017

Núm. 145

g) Nas fotografías que aparezan persoas recoñecibles terán que asinar o seu consentimento para que o autor poida presentar dita obra ao certame.

#### 7. PRESENTACIÓN DAS OBRAS:

Todas as obras remitiranse por correo electrónico no cal se incluírán os seguintes datos:

- a) Nome do autor/a.
- b) Título da obra.
- c) Localización onde foi tomada a obra.
- d) DNI do autor/a.
- e) Data de nacemento do autor/a.
- f) Domicilio, mail e nº de teléfono de contacto do autor/a.

O NUMERO MÁXIMO DE FOTOGRAFÍAS POR AUTOR É DE 4.

Cada fotografía poderá acompañarse dun pequeno texto explicativo sobre as cuestións que o autor considere relevantes sobre a mesma (máximo 30 palabras).

As obras enviaranse ao correo: [roteiros@lalin.gal](mailto:roteiros@lalin.gal) . Será preciso un envío por cada unha das obras presentadas. Esa mesma dirección de correo utilizarase para resolver calquera dúbida sobre o concurso.

O PRAZO DE PRESENTACIÓN PÉCHASE O 30 DE SETEMBRO DE 2017 AS 12:00 H.

#### 8. XURADO, CRITERIOS DE AVALIACIÓN ,FALLO E SELECCIÓN DAS OBRAS

Estará composto polos seguintes membros:

Presidente: Concelleiro/a de Urbanismo.

Secretario: Técnico/a de Turismo.

Vogais:

- a) 2 Expertos en fotografía (profesionais).
- b) 1 Voluntario do programa "Roteiros de Lalín".
- c) 1 Experto en Natureza e Patrimonio.
- d) 1 membro do Gabinete de prensa municipal.

Os criterios de avaliación das preseleccións e fallo final estarán fudamentados nos seguintes aspectos:



- A relación da obra presentada cos valores do programa Roteiros de Lalín.
- A promoción que a obra fai dos elementos naturais, patrimoniais ou etnográficos do Concello de Lalín.
- A relación da obra cos elementos paisaxísticos mais importantes do Concello de Lalín: zonas de Rede Natura, árbores senlleiras, fragas ou soutos significados, cauces de ribeiras dos ríos e regatos locais, etc.
- A promoción de estilos e hábitos de vida saudables no medioambiente.
- Os valores artísticos da obra: beleza, harmonía, técnica fotográfica, etc.

O fallo das diferentes modalidades coñecerase antes do 20 de outubro de 2017.

De todas as reunións e decisións realizadas o xurado levantará acta e terá que presentar unha acta final de concesión dos premios nas que os premiados virán identificados co seu correspondente DNI.

Todas as obras poderán competir nas modalidades que considere o xurado en relación coas diferentes modalidades contempladas na Base 5, para a modalidade “Premio Roteiros do Público” farase unha selección previa de 10 obras que serán expostas na web roteiros.lalin.gal para a súa votación online polo público que previamente terá rexistrase e identificarse na mesma. So se permitirá un voto por cada identidade dixital.

Nas diferentes modalidades farase unha preselección ata quedar cun máximo de 10 obras na modalidade “1º Premio Roteiros de Lalín” e 5 obras por cada unha das restantes modalidades previstas na Base 5. Todas as obras preseleccionadas terán a condición de finalistas.

#### *9. DEREITOS DE AUTOR E EXPOSICIÓN DAS OBRAS:*

Os autores das fotos manterán os seus dereitos de autor. Os autores das obras finalistas ceden o uso e difusión ao Concello de Lalín para actividades propias do programa Roteiros de Lalín e de promoción dos valores naturais e paisaxísticos do Concello, non podendo utilizarse esa cesión para ningún outro fin.

As obras coa consideración de finalistas serán expostas na I exposición fotográfica “Roteiros de Lalín” a desenvolverse no outono de 2017. Todos os finalistas recibirán unha reprodución da súa obra nun formato mínimo de A3 de calidade fotográfica.

O feito de participar supón a aceptación das bases.

#### *10. PREMIOS*

Os premios do concurso non serán en metálico e consistirán en regalos ou viaxes:

a) 1º Premio Roteiros de Lalín: trofeo conmemorativo, viaxe de 2 noites para 2 persoas con actividades outdoor (sendeirismo, BTT,etc) nun lugar de interese natural do noroeste peninsular valorada en 350 euros mais o IVE correspondente.



Luns, 31 de xullo de 2017

Núm. 145

b) Premio Roteiros Natureza: trofeo conmemorativo, curso de fotografía individualizado no Courel (inclúe estancia dunha noite para 2 persoas) cun experto fotógrafo valorado en 250 euros mais o IVE correspondente.

c) Premio Roteiros Patrimonio: trofeo conmemorativo, viaxe e estancia de fin de semana para 2 persoas nunha cidade Patrimonio da Humanidade (a elixir entre Salamanca, Oporto, Lugo e Santiago de Compostela) valorada en 250 euros mais o IVE correspondente.

d) Premio Roteiros do Público: trofeo conmemorativo, curso de 1 día fotografía individualizado cun experto fotógrafo en calquera das Reservas da Biosfera de Galicia (inclúe estancia de 1 noite para 2 persoas) valorado en 250 euros mais o IVE correspondente.

Todos os premios anteriores poderán ser canxeables, se o premiado así o desexa, por material fotográfico ou libros de fotografía ou cursos relacionados coa temática do seu premio.

### *11. CÓDIGO ÉTICO NATURAL*

Para unha conservación mais eficaz da natureza, esixírase o compromiso de respecto ao medio ambiente evitando a destrución ou alteración do medio natural ou a perturbación da vida da fauna ou da flora co fin de garantir unha relación respectuosa dos fotógrafos, tanto afeccionados como profesionais, co medio ambiente, evitando accións irregulares que vaian contra o espírito conservacionista que debe caracterizar toda incursión no medio natural.

O Concelleiro Delegado.

Nicolás González Casares.

Código seguro de verificación: R2UYMQ479Y5U8T3J

